

PROXECTO XORNADA ÚNICA

CEIP DE PEDROUZOS
Pedrouzos s/n
15865 Brión - A Coruña

Web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/>

Correo electrónico:

ceip.pedrouzos@edu.xunta.es

Tf: 981887080

Fax:981509965

DATOS DO CENTRO

Nome do Centro: CEIP DE PEDROUZOS
Código: 15001847
Enderezo: Pedrouzos s/n
15865- Brión – A Coruña
Telf: 981887080
Fax. 981509965

Correo electrónico: ceip.pedrouzos@edu.xunta.es
Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos>

Niveis Educativos: Infantil e Primaria
Número de alumnos escolarizados: 367
Número de alumnos con dereito a transporte:317
Número de alumnos usuarios de comedor:.....345
Censo de Familias:290

HORARIO PROPOSTO

Outubro a maio		Setembro e xuño	
Horas	Sesións	Horas	Sesións
9:45 – 14:45	Lectivo	9:45 – 14:30	Lectivo
14:45 – 15:30	Comedor .	14:30 – 15:15	Comedor .
15:30 – 16:30	Recreo/Activ.	15:15 – 16:30	Recreo
16:30 .	Transporte	16:30 .	Transporte
16:30 -17:30	Actividades		

INTRODUCCIÓN:

Este proxecto xurde como resposta á crecente demanda de numerosas familias e do profesorado do centro, que solicita unha modificación no horario escolar, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento escolar, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante aos centro da nosa contorna que favoreza unha xestión educativa a longo prazo, unha estabilidade no profesorado do centro así como unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor.

PROCESO DE IMPLANTACIÓN DA XORNADA ÚNICA

O procedemento para a autorización, nas escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da implantación da xornada lectiva, en sesión única de mañá queda regulado na Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008)

Requisitos:

- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.
- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).
- Plan específico de actividades extraescolares.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias básicas dos nosos alumnos/as, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
- Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo. En calquera caso as votacións das familias para a xornada única serán posteriores as presentación do plan de
- Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
- Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade de proxectos como o Plan Abalar, o Plan de Bibliotecas, o Proxecto Plurilingüe,...e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.

Específicos:

- Aumentar o rendemento académico do alumnado entendendo que as horas da mañán aseguran un mellor rendemento académico, cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración e rendemento intelectual.
- Posibilitar o estudo persoal do alumnado,segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Facilitar a organización do tempo por parte das familias das alumnas e alumnos, e do profesorado, evitando as perdas deste derivadas dos desprazamentos sistemáticos ao Centro pola mañá e pola tarde, favorecendo o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello e bisbarra (Conservatorios e

escola de música, escolas deportivas, actividades extraescolares, escolas de idiomas...), permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar as súas tarefas escolares e tempo libre para o ocio.

- Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos e alumnas á xornada única.
- Igualar o horario do centro cos do Concello e mesmo cos da contorna, favorecendo a toda a poboación do concello sen que ninguén se sinta perxudicado por o novo horario.
- Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de perfeccionamento, atender aos pais e nais,...repercutindo favorablemente na práctica docente e na elaboración de materiais.
- Distribuír máis equitativamente o tempo de docencia de todas as áreas. Na xornada partida hai unha diferenza de 15 minutos entre as áreas impartidas pola mañá e á tarde.
- Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.
- Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar e da ludoteca, ao permanecer abertas fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, estudo, xogos educativos... estando vixiadas por profesorado do Centro.

En calquera caso garantirase :

1. As 5 horas lectivas.
2. O funcionamento dos servizos ofertados na actualidade:
Transporte Escolar e Comedor Escolar coa xestión actual e colaboración do profesorado
3. O funcionamento do Centro coas xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención aos pais e nais.
4. A mesma hora de entrada pola mañá e de saída do transporte pola tarde, polo que nos aseguramos que ningunha familia se sinta perxudicada polo horario de

permanencia no centro.

Cambios significativos coa xornada única:

O cambio fundamental é o horario escolar:
desenvólvese nunha soa sesión matinal de 5 horas lectivas.

Ademais:

- ⇒ Distribúe máis equitativamente o tempo de docencia de todas as áreas.
- ⇒ A ludoteca do centro funcionará de 15:30 h a 16:30 h.
- ⇒ A biblioteca estará aberta de 15:30 h a 17:30 h.
- ⇒ O alumnado disporá tamén nese mesmo horario de biblioteca dunha sala de estudio asistida por profesorado do centro.
- ⇒ O Concello promoverá actividades xa dende ás 15:30 h, favorecendo a participación maioritaria de todo o alumnado.

HORARIO PARA O ALUMNADO E TEMPOS DE LECER:

Setembro e xuño

- O período obrigatorio de mañá desenvolverase de luns a venres de 9:45 a 14:30 horas tal como se estaba a desenvolver actualmente:
- A entrada será ás 9:45 da mañá e a saída ás 14:30 horas, para os alumnos e alumnas **non** usuarios do servizo de comedor.
- A entrada será ás 9:45 da mañá e a saída ás 15:15 horas, para os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor. As familias que o desexen poderán recoller aos seus fillos/as cando saian ao recreo despois de comer ás 15:15 h ou ás 16:30h.
- O transporte escolar sairá as 16:30h. como o resto do ano.
- Non hai actividades extraescolares.

Setembro e xuño

Horas	Sesións	Tempo
9:45 – 10:35	1ª	50 min.
10:45 – 11:25	2ª	50 min.
11:25 – 12:15	3ª	50 min.
12:15 – 12:45	Recreo	30 min.
12:45 – 13:40	4ª	55 min
13:40 – 14:30	5ª	50 min
14:30 – 15:15	Comedor .	45 min.
15:15 – 16:30	Recreo/Activ.	75 min.

Outubro a maio:

- O período obrigatorio de mañá desenvolverase de luns a venres de 9:45 a 14:45 horas:
- A entrada será ás 9:45h da mañá e a saída ás 14:45 horas, para os alumnos e alumnas **non** usuarios do servizo de comedor.
- A entrada será ás 9:45h da mañá e a saída ás 16:30 horas, para os **alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor e transporte**. As familias que o desexen poderán recoller aos seus fillos/as cando saian ao recreo despois de comer. que será sobre as 15:30h., tamén ás 16:30h. ou finalmente ás 17:30h.
- As actividades extraescolares desenvolveranse pola tarde segundo o horario establecido.

Outubro a maio:

Horas	Sesións	Tempo
9:45 – 10:40	1ª	55 min.
10:40 – 11:35	2ª	55 min.
11:35 – 12:25	3ª	50 min.
12:25 – 12:55	Recreo	30 min.
12:55 – 13:50	4ª	55 min
13:50 – 14:45	5ª	55 min
14:45 – 15:30	Comedor .	45 min.
15:30 – 16:30	Recreo/Activ.	60 min.
16:30 .	Transporte	
16:30 -17:30	Actividades	60 min.
Os/As alumnos/as de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria poderán ter dous períodos de lecer distribuídos de acordo as súas características		

Con este horario de clases garántese o cumprimento estrito da lexislación, en Educación Infantil e Primaria: cinco horas lectivas ao día, incluíndo o tempo de recreo.

Coa aprobación da xornada única non renunciaremos ao obxectivo de mellorar o horario escolar.

HORARIO PARA O PROFESORADO

• **Horario lectivo: de 9:45 horas a 14:45 horas**

• **Horario non lectivo:** O profesorado completará o seu horario en sesións de tarde.

Todos os LUNS e todo o profesorado:

- de 16:30 a 17:30 horas, Horario semanal de Tutoría para atención a consultas individuais por parte dos pais e nais sobre temas educativos relacionados cos seus fillos e fillas.

- 17:30 a 19:30 h: Reunións do Equipo de Orientación, Comisión Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Claustros e Consellos Escolares. Actividades de Formación no propio centro.
- Cada ciclo establecerá un día á semana para realizar a coordinación de nivel ou ciclos, programación de aula, elaboración de materiais, adaptacións curriculares e atención á diversidade; programación e coordinación dos apoios e reforzos educativos; programación da acción tutorial e seguimento das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, ...

Facilitarase a relación do profesorado coas familias por medio de reunións globais por titorías ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo (Convocarase unha primeira xuntanza entre setembro e outubro e ao longo do curso as que se consideren necesarias). Irán incluídas na Programación Xeral Anual.

Todos os DÍAS

De 15:30 h. a 16:30 horas, permanecerán no colexio tres profesores/as (sendo un deles do equipo directivo ou xestión do comedor) que se encargarán da **Biblioteca, ludoteca e sala de estudo. Dende as 16:30h. ata ás 17:30h.** Permanecerán dous profesores de garda que ostentarán a representación oficial do Centro e manterán en funcionamento a **Biblioteca e a sala de estudo** que estarán á disposición do alumnado.

De 14:45 h. a 15:30 h. dous profesores/as colaborarán no servizo de comedor.

RELACIÓN COAS FAMILIAS E TITORES/AS

Dada a importancia da colaboración dos pais/nais co Centro na educación dos seus fillos/as, facilitarase ó máximo a súa relación cos/as Titores/as e Profesores/as dos seus fillos/as. **O horario do Profesorado para estas tarefas será de 16:30 horas a 17:30 horas todos os luns.**

Atenderanse as necesidades específicas noutro horario cando as familias o precisen, como ven sendo habitual no Centro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizaranse as actividades complementarias: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Antroido, Letras Galegas, etc., saídas escolares e excursións que xa veñen sendo tradicionais neste centro e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas e que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde no Centro será semellante ao que se ven desenvolvendo na actualidade coa salvedade de que se verán incrementadas coa oferta da **sala de estudo** para o alumnado de primaria, ampliándose o seu horario en 60 minutos.

O horario habitual das actividades será de **15:30h. a 17:30 horas**, todos os días lectivos do curso, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, menos os meses de xuño e setembro.

Ao fronte de cada actividade, estará un monitor/a correspondente ou profesor/a responsable da mesma e sempre se contará co servizo de conserxería do centro.

Todas as actividades caracterizaranse por:

- a) Serán de carácter voluntario.
- b) Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste Centro.
- c) Non terán carácter discriminatorio.

ACTIVIDADES GRATUÍTAS OFERTADAS POLO CENTRO

Todos os días da semana		
LUDOTECA	De 15:30 a 16:30	
BIBLIOTECA	De 15:30 a 16:30	16:30 a 17:30
SALA DE ESTUDO	De 15:30 a 16:30	16:30 a 17:30

O alumnado que desexe empregar a biblioteca e a sala de estudo terá que entrar nos espazos nos dez primeiros minutos de cada sesión.

Durante a segunda sesión de biblioteca e sala de estudo (16:30h a 17:30h.) o alumnado non poderá abandonar os espazos ata as 17:30h.

As familias poderán recoller ao alumnado unha vez rematada o horario lectivo en catro horarios distintos:

- 1-14:45h. unha vez rematadas as clases
- 2-15:30h, cando termine o servizo de comedor
- 3-16:30h. na saída do transporte escolar
- 4- 17:30h. finalizada a segunda sesión de actividades

O resto dos tempos os portais externos do centro permanecerán pechados e só se abrirán chamando á conserxería do colexio.

POSIBILIDADE DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES POLA ANPA:

A ANPA podería ofertar en horario de 15:30h. a 17:30 horas distintos obradoiros e talleres tal como sucedeu en cursos pasados:

- Obradoiro de maxia
- Obradoiro de xoguetes
- Inglés lúdico
- Obradoiro de teatro
-

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO:

O concello presenta anualmente un conxunto de actividades culturais e deportivas que se celebran nas propias instalacións do centro e noutras primas ao recinto escolar. A oferta de actividades adelantarase ás 15:30h. Prevese que continuen actividades de:

- Pandeireteiras
- Cantareiras
- Baile galego
- Contacontos
- Predeporte
- Judo
- Fútbol-sala
- Fútbol
- Informática
- Escola de música

A programación confirmase durante o mes de setembro segundo o número de inscritos e as preferencias de horario.

A comisión ofrecerá a súa colaboración ao Concello para o establecemento dun

programa axeitado de actividades.

As actividades ofertadas polo concello para o alumnado usuario do transporte da tarde terán que celebrarse nas instalacións do centro educativo, no polideportivo ou na piscina municipal garantizando o uso de dito servizo de transporte.

En calquera dos casos controlarase a asistencia as actividades organizadas dentro dos tempos da xornada única.

SERVIZO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

O cambio de horario xornada partida a xornada continuada **non vai supoñer ningún cambio significativo** na organización dos servizos de transporte ou comedor escolar.

O servizo de comedor continuará xestionado polo propio centro coa participación do profesorado na xestión e gardas, tal como se ven desenvolvendo actualmente.

Si suporá un cambio sustancial no horario da comida do alumnado. Se antes “merendaban” sobre ás 12h e comían unha hora e cuarto máis tarde, coa xornada única “merendarían” sobre as 13h. e comerían unha hora e cuarenta e cinco minutos máis tarde.

AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA:

Realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello escolar tendo como referencia os seguintes criterios:

- Rendemento académico do alumnado.
- Fatiga do alumnado e profesorado.
- Incidencia sobre a vida familiar.
- Aumento- diminución da participación nas actividades extraescolares.
- Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Conservatorio de Música, ,....
- Niveis de aceptación e grado de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).
- Organización do Centro.

Toda a información será recollida por escrito para o seu posterior estudo e interpretación polo Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar, utilizando os seguintes procedementos:

- Observación directa nas sesións de traballo.

- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

O Consello Escolar pode promover unha comisión mixta de seguimento e avaliación do desenvolvemento da xornada única no centro.

Brión, 12 de febreiro de 2011